

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 5 DE MAIO DE 2022

Ás 11:10 horas do día 5 de maio de 2022, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo, en sesión virtual a través da canle Cisco Webex Meetings, convocada pola presidenta o 2 de maio, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidenta: D^a. Patricia Rodríguez Calviño

Vocais: D^a. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral
D. Pablo Varela Ballesteros, técnico medio de Servizos Económicos da Dirección de Ingresos
D. Fernando Carballo Villar, director de Réxime Interior de VigoZoo (asiste aos puntos 2a e 4a)
D. Guillermo Domínguez López, xefe do Servizo de Extinción de Incendios (asiste aos puntos 2b e 6a)
D^a. Ruth María Gallego Santos, suplente do xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento (asiste aos puntos 2c, 4b e 6b)
D. Benjamín Collazo Rodríguez, xefe do Servizo de Limpeza (asiste aos puntos 9b e 10b)
D. Ignacio S. Ojea Pérez, suplente da xefa do servizo de Educación (asiste aos puntos 9a e 10a)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Apertura administrativa/Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de pensos e demais forraxes para consumo dos animais de VigoZoo (expediente 11.158-612) (emenda de documentación)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo do 28 de abril de 2022, na mesma data, se concedeu un prazo de tres días a CEREALES Y PIENSOS LA MOLINERA S.L. para que puidese emendar a documentación persoal. O licitador presentou



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 02/06/2024 00:37

Páxina 1 de 7

ACTAS PERFIL CONTRATANTE

CSV: AEA142-825CE8-5F3583-AGAKCC-8ZQ36A-F1

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

documentación dentro do prazo concedido.

Logo da súa cualificación, a Mesa acorda, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento a CEREALES Y PIENSOS LA MOLINERA S.L. por ter emendado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.
-

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento preventivo e correctivo para os equipos autónomos de respiración, compresores e rampla de carga, e botellas de aire comprimido dos ERAS (expediente 6.634-213) (emenda de documentación)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo do 28 de abril de 2022, na mesma data, se concedeu un prazo de tres días a SENSO INGENIERÍA E INSTALACIONES, S.L. para que puidese emendar a documentación persoal. O licitador presentou documentación dentro do prazo concedido.

Logo da súa cualificación, a Mesa acorda, por unanimidade:

- Admitir neste procedemento a SENSO INGENIERÍA E INSTALACIONES, S.L. por ter emendado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos.

c) Procedemento aberto das obras de "Conexión peonil entre as rúas Serafín Avendaño e Vía Norte no Concello de Vigo" (Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia – financiado pola Unión Europea – Next Generation EU), (expediente 1.200-441)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

A continuación procédese á cualificación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal", tras a súa descriptación pola Secretaría e a Presidencia, e acórdase, por unanimidade:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
 1. S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA
 2. UTE PRACE, SERVICIOS Y OBRAS, S.A.-EXTRACO, CONSTRUCCIÓN E PROXECTOS, S.A. (porcentaxe de participación na UTE ao 50%)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/06/2024 00:37	Páxina 2 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEA142-825CE8-5F3583-AGAKCC-8ZQ36A-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



- b) Outorgar un prazo de tres días a UTE FERROVIAL CONSTRUCCIÓN, S.A. Y ORECO BALGON, S.A. (porcentaxe de participación na UTE ao 50%) para que poida emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) que rexe esta contratación.

Concretamente deberá presentar un novo Anexo II debidamente cumprimentado e asinado dixitalmente conforme ao modelo recollido no prego que rexe esta contratación. No DEUC presentado non consta o compromiso de cumprimento do plan antifraude do Concello de Vigo nin a súa inscrición no "Censo de empresarios, profesionais e retenedores" da Axencia Estatal de Administración Tributaria, ou no Censo equivalente da Administración Tributaria Foral e non indica se ten ou non intención de subcontratar servidores.

4.- Apertura da documentación técnica/Apertura de mostras

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de pensos e demais forraxes para consumo dos animais de VigoZoo (11.158-612)

En cumprimento do previsto na cláusula 20.1 do PCAP, procédese á apertura do sobre D "Mostras" do único licitador admitido.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre as referidas mostras ao servizo xestor.

b) Procedemento aberto das obras de "Conexión peonil entre as rúas Serafín Avendaño e Va Norte no Concello de Vigo" (Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia – financiado pola Unión Europea – Next Generation EU), (expediente 1.200-441)

Retírase este asunto da orde do día porque a Mesa acordou no punto 2c) conceder un prazo a un dos licitadores para a emenda da documentación persoal.

5.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante xuízo de valor nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de "Acondicionamento do andar baixo e soto do I.M.E. Miguel Servet para escola infantil municipal" (expediente 1.145-441)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado pola técnica media de Obras Públicas da Oficina de Supervisión de Proxectos, o técnico medio en Topografía da Área de Fomento e o enxeñeiro de Camiños Canais e Portos municipal – xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas o 26 e 27 de abril de 2022 de valoración do sobre B "proposición avaliada mediante xuízo de valor" que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

Acto seguido publícase no perfil de contratante.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/06/2024 00:37	Páxina 3 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEA142-825CE8-5F3583-AGAKCC-8ZQ36A-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

6.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo de mantemento preventivo e correctivo para os equipos autónomos de respiración, compresores e rampla de carga, e botellas de aire comprimido dos ERAS (6.634-213)

Procédese, en acto público, á descrición dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Redución do prezo do mantemento preventivo (parte fixa)			Porcentaxe de desconto único a aplicar aos prezos unitarios recollidos no apartado 3G desta FEC		
		Lote 1	Lote 2	Lote 3	Lote 1	Lote 2	Lote 3
1	AIRBOX, S. A.	4.875,00	47.748,00	18.590,00	25%	25%	35%
2	PEYCAR PONTEVEDRA,S.L.	-	72.900,00	-	-	5%	-
3	SENSO INGENIERÍA E INSTALACIONES S.L.	5.880,07	-	15.680,18	20,20%	-	20,20%

Todos os licitadores presentan o orzamento detallado esixido no PCAP.

Non asiste público á apertura.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

b) Procedemento aberto para a contratación das obras de "Acondicionamento do andar baixo e soto do I.M.E. Miguel Servet para escola infantil municipal" (expediente 1.145-441)

Procédese, en acto público, á descrición dos documentos que compoñen o sobre C "Proposición avaliable mediante fórmula" dos licitadores admitidos co seguinte resultado:

	Licitador	Redución do prezo
1	CITANIAS OBRAS Y SERVICIOS, S.L.U.	517.484,92 €
2	CONSTRUCCIONES OREGA	465.855,65 €
3	CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L.	518.366,14 €
4	DESARROLLA OBRAS Y SERVICIOS, S.L.	517.380,00 €
5	ORECO, S.A.U.	503.851,89 €
6	XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.	497.113,13 €



Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Asiste á apertura D. Santiago Daniel Tasayco Tasayco con DNI ****.*99.52***, en representación de CITANIAS OBRAS Y SERVICIO, S.L.U.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación económica ao servizo xestor.

9.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios avaliados mediante fórmula nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación de servizos para a xestión da escola infantil municipal de Santa Marta-Casco Vello (25.581-332)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado polo técnico de Actividades Culturais e Educativas e a xefa do Servizo de Educación o 28 de abril de 2022 de valoración do sobre C "proposición *avaliado mediante fórmula*" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos para a xestión sustentable e integrada dos residuos municipais de Vigo e a súa valorización dentro do marco europeo da estratexia da economía circular (7.645-252)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses cos licitadores admitidos. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con eles.

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo de Limpeza e o xefe da Área de Investimentos o 2 de maio de 2022 de valoración do sobre C "proposición *avaliado mediante fórmula*" coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

10.- Propostas de clasificación/clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación de servizos para a xestión da escola infantil municipal de Santa Marta-Casco Vello (25.581-332)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

"Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación de servizos para a xestión da escola infantil municipal de Santa Marta-Casco Vello (25.581-332) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitadores	Puntuación total
1	COLEGIO LOS MILAGROS, S.L.	95,50



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/06/2024 00:37	Páxina 5 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEA142-825CE8-5F3583-AGAKCC-8ZQ36A-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Orde	Licitadores	Puntuación total
2	AURORA, PILAR Y ANA, S.L.	88,00
3	ANA NAYA GARCÍA, S.L.	66,88
4	CARACOLANDIA, S.L.	58,53

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, COLEGIO LOS MILAGROS, S.L. (B-36.626.109), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos para a xestión sustentable e integrada dos residuos municipais de Vigo e a súa valorización dentro do marco europeo da estratexia da economía circular (7.645-252)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), a adopción da seguinte resolución:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos para a xestión sustentable e integrada dos residuos municipais de Vigo e a súa valorización dentro do marco europeo da estratexia da economía circular (7.645-252) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitadores	Puntuación total
1	FCC MEDIO AMBIENTE, S.A.U.	89,75
2	UTE S.A. DE OBRAS Y SERVICIOS, COPASA, S.A. DE GESTIÓN DE SERVICIOS Y CONSERVACIÓN GESECO Y ESPINA OBRAS HIDRÁULICAS, S.A.U.	78,41

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, FCC MEDIO AMBIENTE, S.A.U. (A-28.541.639), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/06/2024 00:37	Páxina 6 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEA142-825CE8-5F3583-AGAKCC-8ZQ36A-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



do prego de cláusulas administrativas particulares”.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 11:50 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/06/2024 00:37	Páxina 7 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: AEA142-825CE8-5F3583-AGAKCC-8ZQ36A-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		